

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO SOBRE A CONSIDERACIÓN DE PERSOA PERTENECENTE Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA E DE PERSOA VENCELLADA Á UNIVERSIDADE DE VIGO EN RELACIÓN COAS ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA (Consello de Goberno de 1 de febreiro de 2021)

No presente acordo identifícanse os colectivos considerados persoas pertenecentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo en relación coa participación en actividades de Extensión Universitaria. Recolléñse tamén outros grupos de persoas vencelladas á Universidade de Vigo que poderán gozar de beneficios en relación coa participación en actividades de Extensión Universitaria.

Para acollerse aos beneficios aplicables en cada caso, ao abeiro do presente acordo, estas persoas deberán acreditar a súa pertenza ao grupo correspondente de entre os incluídos na presente resolución. Os citados dereitos quedarán sen efecto cando tal situación desapareza.

O presente acordo deixa sen efecto a Resolución reitoral do 23 de maio de 2013.

Determináñanse tres grupos principais:

GRUPO A. COMUNIDADE UNIVERSITARIA

A este grupo pertencen os tres seguintes colectivos:

1. Alumnado

- **Alumnado matriculado en titulacións oficiais de grao.** As persoas matriculadas en cursos ou en materias para obter titulacións oficiais de grao na Universidade de Vigo, tanto en centros propios coma en centros adscritos.
- **Alumnado matriculado en titulacións oficiais de mestrado.** As persoas matriculadas nalgún mestrado oficial da Universidade de Vigo, tanto en centros propios coma en centros adscritos.
- **Alumnado de doutoramento e realización da tese de doutoramento.** As persoas matriculadas en programas ou en teses de doutoramento da Universidade de Vigo.
- **Alumnado do Programa universitario para maiores (PUM).** As persoas matriculadas no Programa universitario para maiores da Universidade de Vigo.
- **Estudantes doutras universidades que se atopen na Universidade de Vigo no marco de programas internacionais de intercambio.** As persoas inscritas en programas internacionais de intercambio na Universidade de Vigo.
- **As persoas procedentes de programas de mobilidade con outras universidades españolas.** As persoas inscritas en programas nacionais de mobilidade na Universidade de Vigo.
- **Alumnado de títulos propios da UVigo.** As persoas matriculadas en títulos propios e noutrous cursos da Universidade de Vigo cunha duración mínima de 30 ECTS.
- **Alumnado doutras universidades que se atopen na Universidade de Vigo no marco de convenios de cooperación educativa**

2. Persoal de administración e servizos (PAS)

- **Persoal de administración e servizos (PAS)** con relación laboral en vigor na Universidade de Vigo no momento de formalizar a matrícula.
- **Persoal de administración e servizos (PAS) doutras universidades no marco de programas de intercambio.** As persoas inscritas en programas de intercambio na Universidade de Vigo.

3. Persoal docente e investigador (PDI)

- **Persoal docente investigador (PDI)** con relación laboral en vigor na Universidade de Vigo no momento de formalizar a matrícula.
- **Persoal investigador visitante na universidade.** As persoas pertencentes a entidades externas á Universidade de Vigo que realicen unha estadía temporal de investigación na nosa universidade.
- **Persoal docente investigador doutras universidades no marco de programas de intercambio.** As persoas inscritas en programas de intercambio na Universidade de Vigo.
- **Persoas contratadas na Universidade de Vigo con cargo a proxectos de investigación.**
- **Persoal investigador.** Investigadores/as distinguidos, contratados/as Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Beatriz Galindo, JIN, Oportunus, Marie Curie, contratados/as Xunta Predoc e Postdoc, contratados/as UVigo.
- **PDI honorífico.** As persoas nomeadas como tal pola Universidade de Vigo.

GRUPO B. FAMILIARES E COMUNIDADE ALUMNI-UVIGO

A este grupo pertencen os dous seguintes colectivos:

1. Familiar Universidade de Vigo

- **Cónxuxes ou persoas en análoga relación de convivencia de todos os colectivos que pertenzan ao grupo A.** O/A titular do derecho deberá acreditar oficialmente a súa pertenza a algúin dos colectivos do grupo A. Pola súa parte, a persoa beneficiaria deberá acreditar a condición de familiar do/a titular do derecho.
- **Fillas/fillos de todos os colectivos que pertenzan ao grupo A.** O/A titular do derecho deberá acreditar oficialmente a súa pertenza a algúin dos colectivos do grupo A. O fillo ou filla do primeiro/a titular deberá acreditar oficialmente tal condición e o derecho para beneficiarse desta perderase cando o fillo ou filla cumpra 25 anos.

2. Comunidade Alumni-UVigo

- **Comunidade Alumni-UVigo.** Pertencen a este colectivo as persoas egresadas de titulacións oficiais da Universidade de Vigo que se inscriban para formar parte do colectivo comunidade alumni-UVigo.

GRUPO C. OUTRAS PERSOAS VENCILLADAS

A este grupo pertencen os doce seguintes colectivos:

1. **Persoal de administración e servizos (PAS) e persoal docente investigador (PDI)** xubilado pola Universidade de Vigo.
2. **Persoal de administración e servizos (PAS) e persoal docente investigador (PDI)** de centros adscritos á Universidade de Vigo.
3. **Persoal contratado da Fundación UVigo.** Forman parte deste colectivo as persoas que desenvolvan a súa actividade laboral no marco dunha relación contractual coa Fundación Universidade de Vigo e mentres se manteña tal situación.
4. **Persoal contratado de entidades en concesión administrativa.** Forma parte deste colectivo o persoal laboral pertencente a empresas concesionarias da Universidade de Vigo que desenvolvan de xeito regular o seu traballo en calquera dos seus campus universitarios froito dunha concesión administrativa.
5. **Persoal de empresas externas** que prestan os seus servizos de xeito regular nos campus da Universidade de Vigo.
6. **Alumnado estranxeiro de curso cero.** O alumnado estranxeiro que ten oficialmente recoñecido o acceso ao sistema universitario español e está a cursar estudos de lingua e cultura galega ou española no Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo, co obxectivo de acadar o nivel lingüístico necesario para cursar estudos universitarios na Universidade de Vigo e mentres se manteña tal situación.
7. **Alumnado doutras universidades matriculado en títulos interuniversitarios nos que participa a Universidade de Vigo.**
8. **PDI alleo á Universidade de Vigo do Programa universitario para maiores da Universidade de Vigo.** Pertence a este colectivo o persoal docente alleo á UVigo que imparte docencia no Programa universitario para maiores da Universidade de Vigo.
9. **PDI externo á Universidade de Vigo.** Pertencen a este colectivo as persoas que desenvolvan algunha actividade docente ou investigadora na UVigo no marco dalgún convenio ou contrato.
10. **Persoas egresadas de títulos oficiais da Universidade de Vigo.**
11. **Persoas egresadas de títulos propios da Universidade de Vigo.** As persoas pertencentes a este colectivo deberán ser egresadas de títulos propios que constarán dun mínimo de 30 ECTS.
12. **Persoas xubiladas en xeral.**